

NOTA CONFERENCIA DE STEFANIA BARCA

Data: 18/02/2022

Título: Forças da reprodución. Género, traballo e ecología no Antropoceno

Relatora: Stefania Barca

Hora: 12 h

Lugar: Edificio Fontán. CISPAC. Seminario 103. Cidade da Cultura de Galicia

Conferencia presencial e por teams

CONFERENCIA TRANSMITIDA POR TEAMS: SEMINARIOS E CONFERENCIAS GRUPO HISTAGRA-USC



Stefania Barca é Investigadora Distinguida “Beatriz Galindo” sénior do departamento de Historia da USC. Orixinaria de Italia, onde foi profesora asociada en Historia Moderna (2014) e en Historia Económica (2013), nos últimos doce anos traballou como investigadora senior no Centro de Estudos Sociais (CES) da Universidade de Coimbra, onde desempeñou diversos cargos de liderado investigador e supervisou investigacións de doutoramento e posdoutoral. Anteriormente, foi investigadora visitante no Programa de Estudos Agrarios da Universidade de Yale (2005-06), e recibiu bolsas sabáticas nas Universidades de Berkeley (2006-08) e Lund (2015-16); máis recentemente, foi a cuarta profesora “Zennstrom” en Liderado do Cambio Climático na Universidade de Uppsala (2021). Os seus intereses de investigación radican na Historia do Medio Ambiente e a Ecoloxía Política, con foco na era industrial. Investigou a enerxía hidráulica e a elaboración de paisaxes industriais (s. XVIII-XX); mobilizacións ambientais (campesiñas, indíxenas e obreiras) en Italia, Brasil e Portugal dende os anos 70 ata a actualidade; e investiga na actualidade a Transición Xusta desde unha perspectiva feminista, con especial atención ao traballo de coidados. Publicou amplamente en revistas internacionais revisadas por pares; a súa monografía do libro Enclosing Water. Nature and Political Economy in a Mediterranean Valley (Cambridge, Reino Unido: White Horse Press 2010), foi galardoado co Turku Book Prize en 2011; a súa última monografía Forces of Reproduction. Notas para un antropoceno contrahexemónico foi publicada pola Cambridge University Press en 2020. É activa en redes feministas, de xustiza climática e de decrecemento, e o seu traballo foi traducido e difundido en varios idiomas.

Máis Información:

G.I HISTAGRA. Departamento de Historia. histagra@usc.es. Tel. 881812734 / 686232856



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"